



## Resolución da Alcaldía

### **Asunto: LISTAXE DE PERSOAS QUE PASARON A PROBA ESCRITA PARA A PRAZA DE XEFE DE BRIGADA DO PROCESO SELECTIVO PARA A BRIGADA DE INCENDIOS**

Con data 28 de xuño de 2016, a Consellería de Medio Rural e o Concello da Baña formalizaron un convenio de colaboración para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante os anos 2016, 2017 e 2018 mediante a actuación de brigadas de prevención e defensa cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2007-2013 por un período de tres meses durante a época estival, sendo éste o período de perigo alto de incendios no que se ten que adoptar medidas e accións especiais de prevención e defensa contra os incendios forestais.

Atendendo ao convenio, desenvolveranse as seguintes accións:

- Labores de intervención nos incendios forestais no ámbito municipal da Baña, sen prexuízo de que conforme a normativa aplicable o persoal das brigadas municipais participará nas operacións de extinción e de remate de incendios forestais, baixo o mando único operativo dependente da Consellería competente en material forestal cando así o decida por parte do mando único e conforme ao artigo 48,6 da Lei 3/2007.
- Actuacións manuais en vías e camiños forestais, áreas corta lumes e faixas de xestión de biomasa mediante roza, rareo e eliminación de restos, nos tres meses de operatividade da brigada.

Para levar a cabo estes traballos contratarase unha brigada de prevención e defensa contra os incendios forestais e que estará composta por 5 membros, en réxime de persoal laboral temporal mediante o sistema de oposición.

A Alcaldía é competente para resolver segundo o art. 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Por todo isto, a Alcaldía RESOLVE:

**PRIMEIRO.** Publicar a listaxe provisional das persoas que superaron a proba escrita por ter acadada a puntuación mínima establecida nas Bases da convocatoria (quedan excluídas as persoas que non superaron as 16 respostas correctas):

1. Negreira Dacunha, Pablo 3
2. Vázquez Casal, Cristina 2,4
3. Calvo Castro, Luis 1,2
4. Puga Vázquez, Manuel 1,2

**SEGUNDO:** A puntuación de acordo coa Base 6.a establece que: "Puntuarase ata un máximo de 6 puntos".

**TERCEIRO.** Tendo en conta as bases 6.b da convocatoria, o TRIBUNAL cita as persoas que superaron a proba escrita para o día 23 de xuño ás 9:30 h. no Salón de Sesións da Casa do Concello da Baña.

**CUARTO:** Publicar a presente Resolución na páxina Web do Concello da Baña.